



16

Un menino foi á iaula
cunha pedriña tirou
i a brincar cos estudantes
un pav'o mestre matou.

“Bor días ó señor mestre
bor días lle veño dar
Antonio matou un pavo
i eu veño pra llo pagar.”

Respondeu señor Albino
“Para amigos non é nada
mand'o garotiño a iaula
qu'a mort' está perdoada.”

“Antoñiño vai á iaula
estás no tempo de aprender”
“Vou á iaula meu pai vou
talvez non me torn'a ver.”

“Os raparigos da iaula
vistes lá ó Antoñiño”
“Ficou na iaula do mestre
morto com'on passariño.”

O pai cuando esto viu
cheio de pena i dolor
colleu un puñal nas maus
foi dar mort'ó professor.

“Vexan aquí meus amigos
vexan aquí meus irmaus
qué dúas mortes tan tiranas
pola causa dun pavão.”